



## **ORDENANZA N° : 32**

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS AO AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VÍA PÚBLICA E ESPAZOS ABERTOS**

**—2019—**



## ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirán feito impoñible destas taxas os aproveitamentos da vía pública, solares ou espazos abertos, e en xeral bens de dominio público municipal, autorizados ó amparo da Ordenanza Reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.

## ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza aquelas persoas autorizadas a instalar postos segundo o disposto no artigo 1 desta ordenanza.

## ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

No caso de ocupacións para “venta de produtos autóctonos de tempada como castañas”, aplicarase a tarifa correspondente do artigo 4 bonificada ou reducida nun 50%.

Por resolución conxunta dos señores concelleiros de Comercio e Facenda, poderán ser incluídos outros produtos autóctonos de tempada.

No caso das “festas tradicionais” e outras campañas de interese público aplicarase bonificación do 100% na tarifa no caso de que a administración municipal aprecie concorrencia de tradición e/ou interese público municipal.

## ARTIGO 4.- COTAS

As cotas que correspondan abonar en concepto das taxas reguladas nesta ordenanza determinaranse con arranxo ao cadro que segue:

Por m<sup>2</sup> ou fracción e día

Categoría das rúas:

1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
2,70	2,05	2,00	1,40	1,40	0,50

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación.

As categorías fiscais do emprazamento serán as que constan no anexo á Ordenanza Fiscal Xeral relativo a “Categorías Fiscais das Rúas”.

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

No caso de ocupacións de dominio público local con “mercadillos de periodicidade semanal” e de “tempada”, aplicarase unha tarifa única de 1€/m<sup>2</sup>/día.

## ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza Fiscal devengarase no momento en que se inicie o aproveitamento especial.



2. Os solicitantes da licenza ingresarán no momento de formular aquela, as taxas que correspondan, polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3. A cota a ingresar determinarase segundo o disposto no artigo 4 desta ordenanza.

## ARTIGO 6. - INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

No relativo a infracción s tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificación s e sanción s, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e a restante normativa de aplicación.

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.	30 DE DECEMBRE DE 1998
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	12 DE DECEMBRO DE 2016
	7 DE DECEMBRO DE 2017